

Asunto. Solicitud de oferta económica e técnica.

Asistencia técnica para apoio administrativo ao GALP A Mariña-Ortegal xestión de expedientes ao abeiro do Convenio asinado coa Consellería do Mar para a xestión das axudas do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca.

A Xunta Directiva do GALP acordou a contratación dunha asistencia técnica que reforce de xeito puntual e transitorio o equipo técnico para a xestión administrativa requirida polo Convenio asinado pola Consellería do Mar. Necesítase unha persoa cualificada, resolutive e ordenada, que preste apoio ao Equipo Técnico do GALP , conforme as seguintes estipulacións:

- O traballo realizarase a través da realización de las labores de xestión técnica administrativa que sexan solicitados polo GALP. A adxudicataria responde fronte a GALP da calidade técnica dos traballos desenvolvidos e das prestacións e servizos realizados. Os traballos deberán ser realizados e entregados dentro do prazo estipulado.
- Realización de tarefas como: tramitación de expedientes de proxectos, tanto na fase de solicitude como na fase de xustificación (revisar e ordenar a documentación, e subila ás aplicacións informáticas da Consellería do Mar), actividades de animación (elaboración das memorias de solicitude de ofertas e seguimento das actividades) e informes varios solicitados polo GALP
- A adxudicataria deberá cumprir, baixo a súa responsabilidade, as disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade Social e de prevención de riscos laborais respecto do traballador que realice as tarefas obxecto do contrato sen que, en ningún caso, poida entenderse que entre o GALP e o dito persoal exista unha relación de carácter laboral.
- Valorarse a experiencia en tramitación de expedientes de Fondos Europeos.
- A prestación do servizo realizarase en xornada estimativa, de 20 horas semanais con dispoñibilidade presencial en horario laboral.

O servizo terá unha duración de **6 meses en horario de mañá (4 horas)**

É necesario que me remita o **Anexo II (documento adxunto)** debidamente cuberto e asinado.

O prazo para presentar a oferta será de 8 días hábiles, finalizando o **8 de febreiro de 2021**